

SECCIÓN DE FORMACIÓN, CALIDADE E AVALIACIÓN DO DESEMPEÑO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE



A actual *Sección de Formación, Calidade e Avaliación do Desempeño* do Servizo de Recursos Humanos, Formación e Réxime Interior da Deputación de Ourense nace coa aprobación da RPT-2013, pero a súa orixe remóntase xa a finais de 1997, a raíz da sinatura do IIº Acordo de Formación Continua nas Administracións Públicas (IIº AFCAP), e prolongase ata hoxe co Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP) do 19 de xullo de 2013, asumindo na actualidade en liñas xerais as seguintes competencias :


- Planificación e programación xeral dos plans de formación profesional continua e formación para o emprego destinados aos traballadores da Deputación Provincial e de todas as entidades locais de Ourense .
- Deseño, execución e xestión do Programa Provincial de Formación Continua da Deputación de Ourense, de carácter agrupado, realizado anualmente para o persoal ao servizo da Administración local da provincia.
- Organización, seguimento e avaliación das actividades formativas propias, e das realizadas en Ourense en colaboración con outras entidades, de ámbito estatal, como o INAP e a FEMP, ou de ámbito autonómico, como a EGAP, a AGASP, a FEGAMP, ou a Universidade de Vigo.

- Divulgación de todo tipo de información sobre as accións formativas que estean organizadas ou programadas por outras entidades, organizacións ou institucións para os traballadores da Administración local, e que poidan resultar de interese.
- Asesoramento en materia de formación profesional ao persoal, aos órganos e aos servizos da Deputación Provincial; e asistencia técnica as entidades locais da provincia que o solicitan en materia de formación profesional dos seus recursos humanos.
- Implantación dos sistemas de control de calidade dos procesos de traballo na Deputación Provincial; e Estudo, deseño e posta en práctica dos procedementos de avaliación do desempeño dos empregados públicos provinciais.

● FUNCIÓNS DA SECCIÓN DE FORMACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:

- Diagnóstico das necesidades formativas do persoal da Administración local de Ourense.
- Deseño e elaboración dos programas e plans provinciais de formación profesional continua.
- Planificación xeral das accións formativas (programación das actividades de formación).
- Organización dos diferentes cursos e xornadas (instalacións, profesorado, materiais,...).
- Divulgación das accións formativas programadas entre os profesionais e colectivos destinatarios.
- Coordinación, seguimento e avaliación, en xeral, das actividades de formación continua.
- Preparación e redacción das convocatorias das actividades (oficios, decretos, bases xerais).
- Catalogación dos inscritos e selección dos participantes nas actividades formativas.
- Confección das listas de admitidos nos cursos e xornadas, e asignación da quenda.
- Información e notificación aos interesados da súa inclusión / exclusión nas actividades.
- Elaboración dos controis de asistencia dos cursos, das probas e das enquisas de avaliación.
- Preparación dos materiais e da documentación necesaria para cada acción formativa.
- Revisión dos controis de asistencia e análise das probas e das enquisas de avaliación.
- Determinación da relación de participantes aos que corresponden certificados ou diplomas.
- Preparación dos diplomas de aproveitamento ou dos certificados de asistencia aos cursos.
- Xestión do pagamento dos gastos xerados pola execución das actividades formativas.
- Elaboración das memorias anuais de xestión e xustificación das subvencións acadadas.
- Seguimento das convocatorias de accións por outras entidades ou administracións.
- Información e asesoramento sobre as distintas ofertas públicas de actividades formativas.
- Deseño de novos modelos e itinerarios formativos acordes coas esixencias da sociedade actual.
- Elaboración anual dos organigramas gráficos de estrutura organizativa e funcional da DPO.
- Actualización das fichas de datos persoais e profesionais dos empregados públicos provinciais.
- Orientación profesional dos traballadores e seguimento da súa evolución no posto de traballo.

• ESTRUTURA DA SECCIÓN DE FORMACIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE:



• INSTALACIÓNS DA SECCIÓN DE FORMACIÓN NO CENTRO CULTURAL DA DEPUTACIÓN DE OURENSE:

INSTALACIÓNS DE FORMACIÓ DA DEPUTACIÓ DE OURENSE

ZONA ADMINISTRATIVA




As instalacións da SECCIÓN DE FORMACIÓ da Deputación de Ourense, están situadas dende marzo do ano 2000, no segundo andar do edificio do *Centro Cultural Marcos Valcárcel da Deputación de Ourense*, utilizando así mesmo para algunhas das súas actividades espazos comúns deste centro.

A área administrativa da Sección de Formación, conta con dúas zonas diferenciadas de OFICINAS adicadas tanto a información e atención ao público como á planificación e xestión técnica e administrativa; espazos físicos nos que se ubican os dous negociados desta sección.

Na mesma planta, atópanse tamén as tres AULAS DE FORMACIÓ dispoñibles, o ARQUIVO de documentación e o ALMACÉN de materiais do departamento, xunto cunha pequena SALA DE XUNTAS e de TITORÍAS.

AULAS DE FORMACIÓN

- **AULA “PROGRESO”**: Capacidade máxima 50 alumnos.



- **AULA “CENTRAL”**: Capacidade máxima 40 alumnos.



Aula “Central” utilizada tamén agora como **SALA DE PRENSA**



- **AULA “CRUZ VERMELLA”**: Capacidade máxima 30 alumnos.



Esta aula contén 2 *módulos* susceptibles de ser divididos por portas extensibles, o que permite configurar espazos polivalentes en función das necesidades, achegando gran versatilidade para a organización e realización de diferentes actividades de carácter formativo.

- **SALAS DE REUNIÓNS:** Capacidade máxima 12 persoas e 6 persoas.



SALA DE XUNTAS: 1º ANDAR DO EDIFICIO



SALA DE PROFESORES: 2º ANDAR DO EDIFICIO

- **SALÓN DE ACTOS:** Capacidade máxima 180 persoas (SOTO DO EDIFICIO).

